

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente      D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde:    D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
                               Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
                               D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
                               Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario                  D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e quince minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día cinco de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Na acta da Xunta de Goberno de data vinte e dous de outubro, no punto 3º de concesión de axudas de emerxencia social, no apartado 3.2 correspondente á axuda a dona María Seijo Gómez debe dicir “unha axuda por importe de catrocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#432,51#) para a cobertura de necesidades básicas e trescentos sesenta (#360,00#) para alugamento de vivenda”, e no apartado 3.4 de concesión de axuda a dona Mª. Carmen Otero Couselo “unha axuda por importe de catrocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#432,51#) para a cobertura de necesidades básicas e trescentos euros (#300,00#) para alugamento de vivenda.”

**2º.- Instancias de obras de particulares****2.1.- Instancia núm. 201200000001495 de dona María Nieves Amigo Martínez**

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para rehabilitación da súa vivenda consistente en obras de acondicionamento interior da cociña, situada en Quintáns nº 17, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 2.2.- Instancia núm. 201200000001554 de don Gonzalo Fernández Moldes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación de edificación existente, consistente en cambiar o tellado e encintar paredes exteriores, de aproximadamente 64 m<sup>2</sup> en planta e construcción de cerramento, de aproximadamente 160 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, en Marzán de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras do cerramento axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima será de 6,00 m. dende o eixe das vías; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Polo que respecta ás obras de rehabilitación axustaranse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; de acordo coa citada lei 9/2002, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos oitenta e cinco euros con dezaseis céntimos (#285,16#).

### 2.3.- Instancia núm. 201200000001566 de don José Caldelas Pereiras.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 48 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en Fontao, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da misma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. De acuerdo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 2.4.- Instancia núm. 201200000001568 de don Jesús Rafael Llovera.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 138 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar a tella, situada en Piñeiro, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. De acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento tres euros con corenta e catro céntimos (#103,44#).

### 2.5.- Instancia núm. 201200000001604 de dona María Dolores Cajaraville Buela.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Baia de Vedra, solicita licenza para a construcción dun cerramento de finca, de aproximadamente 128 m. de lonxitude con base de formigón, bloques, postes e arame en Pousada de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe da vía municipal e 10,50 m. da vía da Deputación Provincial, na zona afectada por esta vía. Garantírase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa euros con sesenta e tres céntimos (#190,63#).

### 2.6.- Instancia núm. 201200000001647 de don César Picón López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de novembro de 2010 concedelle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Sol (expediente 2010/008/000019), depositando un aval para responder das obras de urbanización



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

do fronte da parcela (aval nº 26047), e dado que estas xa foron executadas solicita a devolución do mesmo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda proceder á devolución do citado aval.

### **3º.- Aprobación, se procede, de certificacións de obras.**

**3.1.- Certificación númer. 1 da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Santa Baia e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra.***

Dáse conta da certificación númer. 1 da obra *Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra* (código 12.2100.0217.0), incluída no Plan Provincial de Cooperación (POS 2012), por importe de cincuenta e dous mil catrocentos dezaseis euros con setenta e dous céntimos (#52.416,72#), adxudicadas á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L , sendo o director da mesma a técnica dona Clara Lema Rodríguez, e máis da factura númer. EO0172/12 por traballos relacionados na mesma.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre clasificación de ofertas no contrato de subministración dun camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos.**

Con data trinta de outubro do ano que andamos publicouse anuncio de *licitación de camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos* no BOP númer. 207/12, e no Perfil do Contratante ([www.concellovedra.com](http://www.concellovedra.com)), atendendo á oferta economicamente más vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, coa finalidade de que os interesados presentasen as súas proposicións, presentándose as ofertas que constan no expediente.

Vista a proposta da Mesa de Contratación, previo informe da Comisión Asesora Técnica, unha vez examinada a documentación achegada e de acordo con ela, de conformidade co establecido no artigo 151.2 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

1. LOUZAO VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.L.U : 54,16 puntos

2. COMERCIAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES TAR, S.L : 53,33 puntos

3.-VEHÍCULOS, EQUIPAMENTOS Y CARROCERIAS PRIETO PUGA, S.L (VEICAR, S.L): 52,66 puntos

4.- INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.L: 47,83 puntos

Segundo. Notificar e requirir a LOUZAO VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.L.U, licitador que presentou a oferta economicamente más vantaxosa, para que presente no prazo de dez días contados dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento da documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obtela de forma directa. A acreditar que dispón efectivamente dos medios que comprometeu dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

### 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas e gastos:

Núm. Factura	Proveedor/Acreedor	Importe	Descripción
1.201.070.832	ADIF - Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	211,75 €	Aluguer locais estación Sta. Cruz mes outubro
286/12	Talleres y Repuesto Barco S.L.	4,07 €	Reposto para camión recollida lixo en setembro
88	García García, S.C.	123,14 €	Materiais para P. Civil e outros en setembro
89	García García, S.C.	150,11 €	Materiais para a brigada de obras en setembro
90	García García, S.C.	1.023,11 €	Produtos para a brigada de obras en setembro
2327925/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrição a El Correo Gallego mes outubro
32 6885	Ulla-Oil S. L.	1.481,67 €	Gasóleo B para tractores subministrados en outubro
2012/2574	Sogama S. A.	8.432,56 €	Tratamento de residuos mes setembro
3.120.710.414.904	Unión Fenosa Comercial, S.L.	348,06 €	Subministro a depuradora de San Xián mes xullo
3.120.710.411.288	Unión Fenosa Comercial, S.L.	369,27 €	Subministro á Casa Concello mes xullo
3.120.710.420.363	Unión Fenosa Comercial, S.L.	174,83 €	Subministro a gardería municipal mes xullo
3.120.710.414.188	Unión Fenosa Comercial, S.L.	508,19 €	Subministro a CPI de Vedra mes xullo
1.120.810.174.598	Gas Natural, SA	82,75 €	Subministro a casa reitoral Ponte Ulla mes xullo
1.120.810.479.644	Gas Natural, SA	127,70 €	Subministro a oficina turismo mes xullo (estimado)
08/2012	Gas Natural, SA	12.176,73 €	Fras. agosto por subministro a alumeados públicos
92	García García, S.C.	235,80 €	Produtos para servizo de limpeza en setembro
7	Pena Alonso José M.	180,00 €	Servizo taxi usuarios S. Sociais xuño a outubro
8	Pena Alonso José M.	126,04 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes xuño
9	Pena Alonso José M.	114,02 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes xullo
10	Pena Alonso José M.	106,01 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes agosto
11	Pena Alonso José M.	128,04 €	Servizo taxi para usuarios centro saúde mes 09/12
437	Droguería - Ferraxería El Sol, SL	66,44 €	Materiais diversos subministrados en setembro
A12/723	Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, S.L. (G.S.T., SL)	637,03 €	Reparación reemisor de TDT de A Gaiosa en agosto
V911122	Ricoh España, SLU	310,00 €	Cota mínimos fotocopiadoras ofic .xral. mes outubro
V893604	Ricoh España, SLU	159,18 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais xull. a set.
4/2012	Asoc. Banda Musica A Lira de Prado	1.000,00 €	Actuación na Festa do Viño 2012
10/2012	Telefónica de España, SAU-Movistar	954,09 €	12 fras. de outubro por servizos telefonía fixa
TA4650048682	Telefónica de España, SAU-Movistar	52,29 €	Servizo telefonía fixa en sede Protección Civil
FT1202042	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	260,10 €	Revisión camión recollida lixo en outubro
477.192.712	Allianz Seguros y Rea.,SA	902,17 €	Recibo seguro anual CPI,CEIP,escolas,centro



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

			saúde
2012-56	Ibernisha, S.L.	216,20 €	Entradas a termas de Outariz (excursión 3ª,idade con achegas participantes
21.529	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	588,00 €	Comida participantes excursión 3ª Idade a Outariz, con achegas delas
443/2012	Transportes Mosquera S.L.	286,00 €	Servizo autobús para campamento de verán 2012
3962 / 5689	Acredores diversos	44,08 €	Tíckets de E/City por produtos para madrugadores
VD 10/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería en escola infantil mes outubro
44/2012	Asociación Terras de Compostela	1.000,00 €	Cota de socio Concello de Vedra anualidade 2012
32 7123	Ulla-Oil S. L.	1.010,00 €	Gasóleo C para centro de saúde servido en outubro
1.120.912.523.419	Gas Natural, SA	119,51 €	Subministro ao punto limpo mes setembro
1.120.812.692.859	Gas Natural, SA	127,53 €	Subministro ao punto limpo mes agosto
1.120.812.620.161	Gas Natural, SA	10,43 €	Subministro a estación bombeo Socastro mes agosto
09/2012	Gas Natural, SA	67,89 €	2 fras. por subministro nave Trobe meses 8 e 9/2012
09/2012	Gas Natural, SA	481,61 €	3 fras. por subministro a centros saúde mes agosto
09/2012	Gas Natural, SA	386,46 €	2 fras. por subministro a ludoteca meses ago.-sep.
09/2012	Gas Natural, SA	324,43 €	19 fras. por subministro a escolas meses ago e set
09/2012	Gas Natural, SA	1.299,59 €	16 fras.subministro edificios cultura meses ago-set
CR 22/12	Galitran-96, S.L.	254,10 €	Transporte alimentos dende Cruz Roxa en A Coruña
	Arca Bello, Miguel Angel	900,00 €	Honorarios por curso sobre loita contra incendios para Protección civil
0164/12	Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L.	2.358,47 €	Mantemento alumeadoo público mes outubro
7	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue mes outubro
28-K282-222782	Telefónica Móbiles España, S.A.	502,12 €	Fra. de novembro por servizos de telefonía móvil
20/2012	Fermín González Blanco, S.L.	2.539,60 €	Redacción Plan Especial PNT Ponte Ulla mes 10/2012
5.000.245.739	Acredores diversos	6,98 €	Tícket de Plásticos Santi por materiais ludoteca
M 200.797	Editorial Compostela, SA	307,63 €	Concerto publicitario ano 2012 mes outubro
201.200.166	Ferreteria Botana - Botana Granja Manuel	2,63 €	Parafusos e tope porta subministrados en outubro
12/13	Freiría Suárez José María	3.795,13 €	Servizos de limpeza mes outubro
10381 y 1121	Autopista Central Gallega	11,10 €	Recibos viaxe camión lixo a Ourense para revisión
96.006.416	Fornecimentos Galegos, SL (Foga)	483,37 €	Fotocopias máquina planta baixa meses set. e out.
12-1267	Puente Ulla S.L.	1.810,03 €	Gasóleo A para camión recollida lixo mes outubro
12-1266	Puente Ulla S.L.	69,03 €	Gasolina para maquinaria brigada verde mes outubro
59	Grupo Acofide, SC	667,19 €	Subministro material (step) para o polideportivo
60	Grupo Acofide, SC	1.524,60 €	Actuacións de marcado de pistas do pavillón
120.401	Grafinova Artes Graficas	1.198,70 €	Impresión boletín municipal meses xul, ago e out
2330749/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrpción a El Correo Gallego mes novembro
S12/118427	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrpción a La Voz de Galicia mes outubro
89.461.030.002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal+ casa 3ª Idade en novembro
410	Viajes Peillet S.L.	770,00 €	Servizo autocar para viaxe 3ª Idade a Mugardos,



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

			con achegas dos participantes
411	Viajes Peillet S.L.	357,50 €	Servizo autocar para viaxe 3ª Idade a termas Ourense, con achegas dos participantes
211/2	Alquimao S.L.	84,70 €	Aluguer martelo para obra en zona igrexa S.Xian
12A/00269	Toldos Gomez, S.L.	213,50 €	Bandeiras de Vedra para a Alcaldía e o salón de plenos
408	Sociser Galicia, S.L.	4.881,76 €	Servizo asistencial a domicilio mes outubro
409	Sociser Galicia, S.L.	9.657,33 €	Horas SAF dependencia mes outubro
2012/2648	Sogama S. A.	9.294,34 €	Tratamento de residuos urbanos mes outubro
07/C-03/2012	Sánchez Lojo, Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes outubro
08/C-03/2012	Sánchez Lojo, Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes novembro
322/12	Talleres y Reposto Barco S.L.	285,62 €	Materiais para vehículo P. Civil e outros mes out.
A00020506	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	7,96 €	Servizos prestados durante o mes de outubro
12/0862	Sapa-Contenedores y Servizos, SL	1.421,04 €	Servizos prestados en punto limpo mes outubro
0559/E12	Talleres San Fins S.L.	156,09 €	Reparación desmalezadora lateral en outubro
0570/E12	Talleres San Fins S.L.	138,15 €	Reparación desmalezadora en outubro
0577/E12	Talleres San Fins S.L.	223,70 €	Reparación desmalezadoras brigada verde mes outubro
0579/E12	Talleres San Fins S.L.	540,80 €	Reparacións desmalezadora avanzada en outubro
0578/E12	Talleres San Fins S.L.	597,44 €	Reparacións retroexcavadora mes outubro
2.012.478	Electricidad Cruceiro, SL	88,21 €	Reparación cable alumeadoo en Ribeira-San Pedro
2012/808	Pérez Fernández Manuel – Rexistro Propiedade 1 Santiago	21,83 €	Expedición de dúas notas simples para urbanismo
28-J282-232774	Telefónica Móviles España, S.A.	479,31 €	Fra. de outubro por servizos de telefonía móvil
4.001.007.660	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	426,04 €	Servizo de franqueo pagado mes outubro
51.112	Bushi - Kai	471,90 €	Clases karate mes outubro
1.201.078.384	ADIF - Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	211,75 €	Aluguer locais estación Sta. Cruz mes novembro
3.121.110.009.241	Unión Fenosa Comercial, S.L.	744,94 €	Subministro acceso a bombeo en Paradela mes outubro
19.252	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	302,50 €	Recollida aceites comes. usados de agosto a novembro
3.120.810.389.401	Unión Fenosa Comercial, S.L.	358,13 €	Subministro a casa concello mes agosto
3.120.810.376.683	Unión Fenosa Comercial, S.L.	494,58 €	Subministro ao CPI de Vedra mes agosto
3.120.910.009.807	Unión Fenosa Comercial, S.L.	488,81 €	Subministro ao CEIP de Sta. Cruz meses xullo-agosto
3.120.810.382.704	Unión Fenosa Comercial, S.L.	151,03 €	Subministro á gardería municipal mes agosto
3.120.810.378.856	Unión Fenosa Comercial, S.L.	296,42 €	Subministro á depuradora San Xián mes agosto
1.120.910.115.951	Gas Natural, SA	82,82 €	Subministro á reitoral de Ponte Ula mes agosto
1.120.812.721.898	Gas Natural, SA	161,58 €	Subministro á oficina turismo agosto (regularizado)
1.120.912.531.736	Gas Natural, SA	105,39 €	Subministro á oficina turismo setembro (estimado)
261.672	Hipercor S.A.	30,90 €	Radio CD para curso inglés 2012/2013
1.412	Gómez Navarro, Estela	1.452,00 €	50% deseño e xestión nova web Concello de Vedra
4.027.675	Acredores diversos	19,93 €	Tícket de E/City por produtos para madrugadores
6.010.472	Acredores diversos	26,50 €	Tícket de Eroski por produtos para madrugadores
32.667.504	Deputación Provincial	67,49 €	Recibo IBI Urbana 2012 casa Cámara Agraria Sta.Cruz
11/2012	Telefónica de España, SAU-Movistar	958,95 €	12 fras. de novembro por servizos telefonía fixa



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

TA4660047248	Telefónica de España, SAU-Movistar	52,29 €	Servizo telefonía fixa en sede Protección Civil
N00199	Hierros Diego, S.L.	773,04 €	Materiais para obras de sinalización e varandas
D70958	Diario Oficial Galicia	81,30 €	Taxa por publicación anuncio expte. OEP/2012
38	Camino Bouzón, Miguel Angel	65,34 €	Traballos no campo fútbol San Mamede en outubro
39	Camino Bouzón, Miguel Angel	119,79 €	Traballos realizados na casa parroquial de Trobe
40	Camino Bouzón Miguel Angel	21,78 €	Traballos realizados no albergue de Vilanova
0101-1200976	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	33,37 €	Recollida de residuos en punto limpo mes agosto
0101-1201090	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	33,99 €	Recollida de residuos en punto limpo mes setembro
0101-1201213	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	67,98 €	Recollida de residuos en punto limpo mes outubro
19.673	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	576,00 €	Comidas excursión 3ª Idade a termas Outariz en nov., con achegas dos usuarios
2012-62	Ibernisha, S.L.	207,00 €	Entradas a termas de Outariz (excursión 3ª Idade), con achegas dos usuarios
V983587	Ricoh España, SLU	310,00 €	Cota mínimos fotocopiadoras ofic. xral. mes nov.
F 3.441	Plásticos Santi, S.L.	369,16 €	Materiais para actividade Semana da Ciencia 2012
469	Droguería- Ferraxería El Sol, SL	60,37 €	Materiais cambio cristal local electoral S.Mamede
Rec. 34897418-J	Seguros Catalana de Occidente, SA	42,00 €	Seguro anual remolque E9224BBB (16/11/12-16/11/13)
Rec. 34897417-X	Seguros Catalana de Occidente, SA	90,00 €	Seguro anual tractor E9223BBB (16/11/12-16/11/13)
Rec. 34897394-X	Seguros Catalana de Occidente, SA	90,00 €	Seguro anual tractor C49650VE (19/11/12-19/11/13)
1CSN12110209062	Cide Hcenergia, S.A.	415,35 €	Subministro a alumeados públicos Caldelas en setembro - outubro
1.121.010.054.433	Gas Natural, SA	49,22 €	Subministro casa cámara agraria Sta. Cruz mes set.
1.121.010.309.976	Gas Natural, SA	10,43 €	Subministro a estación bombeo Socastro mes set.
162	Iglesias Rodríguez, Juan Carlos - Fontanería	606,29 €	Traballos mantemento en setembro e outubro
120.429	Grafinova Artes Graficas	399,57 €	Impresión boletín municipal mes novembro
22 3139	Ulla-Oil S. L.	1.896,30 €	Gasóleo A para fornecemento en nave Trobe en novembro
32 8161	Ulla-Oil S. L.	874,94 €	Gasóleo C para a gardería servido en novembro
32 7964	Ulla-Oil S. L.	727,50 €	Gasóleo C para casa concello servido en novembro
32 7895	Ulla-Oil S. L.	1.461,00 €	Gasóleo B para tractores servido en novembro
7.913.142.945.540	Boletín Oficial Estado	150,63 €	Taxa publicación convocatoria fucionarización praza de traballador/a social
264	Segade Martínez, José Manuel	154,88 €	Materiais para encofrado beirarrúas servidos en set.
3.110.410.252.481	Unión Fenosa Comercial, S.L.	649,31 €	Subministro a alumeados públicos de Sol meses marzo e abril
Recibo 27111207	S.E. Correos y Telégrafos, S.A.	9.03 €	Telegrama de condolencia ao Sr. Alcalde de Val do Dubra
	María Santiago Varela	50,00 €	Dietas por impartir charla sobre enfermidade dos ollos no centro da 3ª Idade en outubro
	Rocío González Martínez	242,00 €	Dietas por impartir un obradoiro de traballo corporal os días 2, 9, 16, 23 e 30/10/12 no centro da 3ª Idade
	Concepción Iria de Asla Esteva	136,92 €	Indemnización por servizo de voluntariado social de febreiro a xullo
	Mª Jesús Piñeiro Caldelas	137,20 €	Indemnización por quilometraxe e



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com

			estacionamento dos meses de xullo a setembro.
	José Munín Castelao	72,50 €	Indemnización por quilometraxe realizado no mes de outubro para notificacións electorais
	Gerardo Cerdeira Souto	66,25 €	Indemnización por quilometraxe realizado no mes de outubro para notificacións electorais
	Mª Cruz Vilas Giadanés	137,25 €	Indemnización por quilometraxe e estacionamento realizado nos meses de setembro, outubro e novembro
	Carmen A Sabio Sanz	57,35 €	Indemnización por quilometraxe para traballo coas familias no mes de outubro
	Lucía Sevio Barrio	88,00 €	Indemnización por quilometraxe para desprazarse ao CEIP de Ortigueira no mes de outubro
	Iván García García	134,93 €	Indemnización por quilometraxe e estacionamento realizado nos meses de setembro e outubro
	Teresa Amenal Junquera	146,25 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto en oftalmoloxía
	María Canedo de la Torre	135,00 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto en odontoloxía
	Teresa Amenal Junquera	53,50 €	Fondo social correspondente ao gasto de odontoloxía
	Lidia Carpinteiro Quintás	30,00 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto de odontoloxía
	Juan Duarte Porto	60,00 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto en oftalmoloxía
	Sonia Gamás Villanueva	90,00 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto de odontoloxía
	Sonia Gamás Villanueva	391,00 €	Fondo social correspondente ao 75% do gasto de seguro médico privado
	Componentes das mesas de contratación constituídas os días 15, 19 e 21 de novembro de 2012	394,30 €	Tramitación expediente adxudicación contrato de subministro de vehículo todoterreno para Protección Civil e protección do medio ambiente
	Clara Lema Rodríguez	62,5	Quilometraxe por visitas de comprobacións de obras
	Nova Galicia Banco	154,00 €	Taxetas e carga para usuarios do transporte metropolitano (bonobús escolar curso 2012/2013)

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas e gastos.

### 6º.-Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para actividades deportivas para o exercicio 2012

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda concederlle as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 341-480:

\*CLUB OLÍMPICO DE VEDRA: 4.067,79 €

\*C.D. SAN MAMEDE: 3.826,00 €

\*ED RIBADULLA: 3.559,32 €

\*U.D. VAL DO ULLA: 508,47 €

**7º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.**

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de novembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para recuperar a posesión de parte do ben de titularidade municipal, consistente nun vial inscrito no Inventario municipal de bens co nº 18, sito en Cibrán -San Xián de Sales, que se atopa invadido de ramas que sobresaen dunha parcela propiedade de dona Dolores Iglesias Gacio.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de novembro do ano que andamos, pola que recibida resolución de inclusión no Programa de Asignación de recursos para o acceso ao Servizo Público de axuda no fogar, acórdase a inclusión inmediata de dona Dolores Casal García no citado servizo e aprobar unha achega da usuaria dun 10% do custo da hora en función de ordenanza fiscal reguladora do mesmo.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de novembro do ano que andamos, pola que recibida resolución de inclusión no Programa de Asignación de recursos para o acceso ao Servizo Público de axuda no fogar , acórdase a inclusión inmediata de dona Isolina Rios Rivadulla no citado servizo e aprobar unha achega da usuaria dun 10% do custo da hora en función de ordenanza fiscal reguladora do mesmo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de novembro do ano que andamos, pola que en función do establecido no prego de cláusulas administrativas desígnase aos membros da Comisión Técnica Asesora da licitación do contrato de subministración dun vehículo todoterreno para Protección Civil e Protección do Medio Ambiente no Concello de Vedra, financiado cunha achega do Fondo Compensación Ambiental:liña competitiva (80%) e con recursos propios (20%).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de novembro do ano que andamos, pola que en función do establecido no prego de cláusulas administrativas desígnanse os membros da Comisión Técnica Asesora da licitación do contrato de subministración dun camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos, financiado cunha achega da Deputación Provincial (100%) en función de convenio asinado ao efecto.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de novembro do ano que andamos, pola que en función da proposta da Mesa de Contratación acórdase requisir á única empresa que presentou oferta, Autos Lobelle, S.L para que no prazo de 10 días presente a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno dáse por informada.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 8º.- Outros asuntos

#### 8.1.- Escrito núm. 1673/12 de Albert Ziegler España, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Alfonso Conde García, xefe de recursos financeiros de Albert Ziegler España, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato de subministro dun Bull para Protección civil (aval nº 207003018) por importe de catro mil oitocentos (#4.800,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

#### 8.2.- Escrito núm. 804/12 da Escola Deportiva Val do Ulla.

Dáse conta do citado escrito no que dona Irene Rodríguez Ferradáns e don Manuel Neira Sinde, en calidade de Presidenta e Secretario da Escola Deportiva Val do Ulla respectivamente, expoñen que os días 9 e 10 de xuño celebrouse a II Copa Val do Ulla, solicitando a colaboración económica do concello.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención por importe de dous mil cen (#2.100,00#) euros, debendo achegar para o cobro da mesma xustificantes de gastos por importe de polo menos o dobre da cantidade concedida.

#### 8.3.- Escrito núm. 1679/2012 de don Luís A. Vázquez Alfonsín.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 75%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.